

**ASUNTO: ACORDO DE INCOACIÓN DE EXPEDIENTE DE ALLEAMENTO POR ADXUDICACIÓN DIRECTA DE EMBARCACIÓN DECLARADA EN SITUACIÓN DE ABANDONO E INCAUTADA POLA EPE PORTOS DE GALICIA.**

En virtude de resolución da Presidencia de Portos de Galicia feita pública no Boletín Oficial do Estado número 32 do 6 de febreiro de 2024, se declarou a embarcación de nome BI ARRI con matrícula 7<sup>a</sup>-BA-390-95 en situación de abandono, o que por aplicación do previsto no artigo 128 da lei 6/2017, de 12 de novembro, de Portos de Galicia, determina que a súa propiedade foi incautada pola EPE Portos de Galicia, pasando a converterse nun ben patrimonial moble integrado no patrimonio de Portos de Galicia.

As actuacións emitidas no procedemento foron obxecto de publicación no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial do Estado por aplicación do establecido nos artigos 44 e 46 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, ao resultar descoñecido o domicilio da suposta compradora da embarcación, pese a realizar as indagacións oportunas nas que se interpelou tamén á persoa que figuraba como como propietaria da embarcación no Rexistro Marítimo Español.

A embarcación se atopa na actualidade varada no porto de Foz en recinto pechado tras ser izada por esta Entidade Pública dada la situación de abandono e para evitar o seu afundimento.

A declaración de abandono e conseguinte incautación da embarcación foi notificada a Mariña Mercante a través da Capitanía Marítima de Burela.

A normativa base para proceder a declarar o abandono das embarcacións ven constituída polo artigo 128 da Lei 6/2017, de 12 de decembro, de Portos de Galicia, que di o seguinte:

*"1.Portos de Galicia poderá adoptar as medidas necesarias para garantir o tráfico portuario e a dispoñibilidade dos espazos portuarios, das atracadas e dos puntos de amarre. Para tales efectos poderá adoptar a declaración de situación de abandono dun barco, o que permitirá o seu traslado, varada, ancoraxe ou tratamento como residuo.*

*2.A declaración de situación de abandono esixirá a tramitación do correspondente procedemento, no cal se acreditarán as circunstancias expresadas e se dará audiencia á persoa propietaria e á consignataria na forma prevista na lexislación reguladora do procedemento administrativo común.*

*3.Para os efectos desta Lei consideraranse abandonados:*

- a) Os barcos que permanezan durante mais de tres meses consecutivos atracados, amarrados, ancorados ou depositados en seco no mesmo lugar dentro do porto, sen actividade apreciable exteriormente e sen aboar as taxas correspondentes.*
- b) Os barcos que non teñan matrícula ou os datos abondos para a identificación da persoa titular ou consignataria deles e que se atopan no porto sen autorización.*





*4. Corresponde a Portos de Galicia a propiedade dos buques que fosen declarados en situación de abandono de acordo con esta lei. Ao declararse o abandono do buque, Portos de Galicia acordará o seu alleamento e aplicará o seu produto ás atencións propias da entidade, ou procederá ao afundimento do buque cando, polo seu estado, así o aconsellen razóns de seguridade marítima(...)"*.

Decretada a incautación e en tanto que ben moble patrimonial incautado, Portos de Galicia pode proceder de acordo coa normativa recollida no título II da Lei 6/2023, de 2 de novembro, de Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, ao seu alleamento.

Consta no expediente taxación da embarcación efectuada polo Xefe da Zona Norte de Portos de Galicia que inclúe os parámetros seguidos para dita actuación, e que sitúa o valor actual da embarcación en 5.958,00 euros (A taxación se incorpora como Anexo V nas bases anexas ao presente Acordo de Incoación).

Dita embarcación non resulta necesaria para o uso xeral ou a prestación de servizos públicos.

En atención á taxación do ben que non supera os 6.000 euros, e por aplicación do establecido no artigo 103 da Lei de Patrimonio, a forma de venda deste ben será a de adxudicación directa.

Por outra parte, dende a Xefatura da Zona Norte se comunica a existencia de diversas persoas que manifestaron a súa intención de formular propostas para a compra da embarcación, polo que dada a existencia de varias peticións, a adxudicación, seguindo os parámetros establecidos no artigo 129 da Lei de Patrimonio, debe de recaer na mellor oferta económica, e polo exposto, esta Presidencia da EPE Portos de Galicia en tanto que Órgano competente por aplicación do establecido no artigo 105.1 da Lei de Patrimonio, acorda incoar o presente expediente de alleamento coa finalidade de que as persoas interesadas poidan presentar as súas posturas de compra na forma e nos prazos que se recollen nas bases anexas a este procedemento, ao que se lle dará publicidade a través do Diario oficial de Galicia e na páxina Web de Portos de Galicia.

O prazo límite para formalizar posturas de compra será o indicado no anuncio da convocatoria.

No presente expediente o prezo mínimo de partida para formular posturas será o da taxación do ben realizada pola Xefatura da Zona Norte de Portos de Galicia.

A embarcación será adxudicada á aquela persoa que presenten oferta de maior contía, procedéndose para o caso de empate da maneira exposta nas bases anexas ao presente Acordo, e en todo caso, se efectuará a adxudicación sempre que se cubra o prezo previsto na taxación, agás que as propostas recibidas resulten contrarias á regulación contida no ordenamento xurídico ou no presente procedemento.

Igualmente e con anterioridade a formalizarse o Acordo de adxudicación, esta Presidencia poderá acordar a improcedencia da venda, logo de informe da Asesoría Xurídica e sempre que se considere prexudicial para o interese público a adxudicación nas condicións propostas, ou se por razóns sobrevidas se considera necesario o ben para o cumprimento dos fins públicos,





sen que a instrución do expediente ou a realización da proposta de adxudicación tras valorar as posturas xere ningún dereito para os que optaron á compra.

A desistencia da venda tería neste caso a mesma publicidade que a da convocatoria do procedemento.

Finalizado o presente expediente, e de non presentase ofertas ou de resultar rexeitadas as presentadas, Portos de Galicia poderá acordar que a embarcación siga suxeita a un procedemento de alleamento directo sen suxeición a prazo algún, no que calquera interesado poderá presentar unha proposta de compra suxeita ao cumprimento dos requisitos formais esixidos pola Lei de Patrimonio, e sen que neste caso se estableza un prezo mínimo de postura.

Todos os custos derivados da transmisión do ben, engadidos os tributarios que procedan que se regularan pola normativa de aplicación, serán por conta do adquirente.

O Órgano competente para acordar a venda do presente ben moble é a Presidencia da Entidade en virtude da Resolución do Consello Reitor de Portos de Galicia do 29 de agosto de 2018 feita pública no DOGA nº 177, do 17 de setembro de 2018, que delega a competencia prevista no artigo 23.5 da Lei 6/2017, de 12 de decembro, de Portos de Galicia.

A venda do presente ben moble formalizarase nun documento administrativo, constituído neste caso pola resolución de alleamento e entrega que emita esta Presidencia unha vez se resolva a adxudicación, a cal poderá elevarse a escritura pública por instancia dunha das partes.

Con suxeición ao exposto neste documento e nos seus anexos, e de acordo coa proposta elaborada polo Departamento de Secretaría Xeral e Asesoría Xurídica de Portos de Galicia, esta Presidencia, en aplicación do artigo 130 da Lei de Patrimonio da comunidade Autónoma de Galicia, e en base ás competencias previstas polos artigos 104 e 105 da Lei de Patrimonio de Galicia e 23.5 (competencia delegada) da Lei de Portos de Galicia, acorda iniciar expediente para o alleamento directo da embarcación que se cita.

## **Santiago de Compostela**

### **O PRESIDENTE**

**JOSE ANTONIO ALVAREZ VIDAL**





## **ANEXO I.**

### **PREGO DE CONDICIÓN APLICABLES AO ALLEAMENTO DIRECTO DE EMBARCACIÓN BI ARRI INCAUTADA POR PORTOS DE GALICIA.**

#### **CONDICIÓN PRIMERA: OBXECTO E CUALIFICACIÓN.**

Constitúe o obxecto do presente procedemento, o alleamento da embarcación que se recollen no anexo V.

Para o exame da embarcación que se atopa varada en recinto pechado no porto de Foz, así como para obter información sobre a mesma durante o prazo de presentación de ofertas, poderá contactarse coas oficinas do porto de Ribadeo nos números de teléfono 982 82 86 35 ou 669 77 82 21 en horario de 9 a 14 horas.

A incautación das embarcación foi notificada a Mariña Mercante sen que se comunicaran cargas o gravames aos que estea afecta a embarcación.

A participación neste expediente, implica que o persoa que formule proposta de compra coñece e acepta a situación actual existente da embarcación, e renuncia por elo, no caso de resultar adxudicatario, a calquera reclamación, e en concreto, tanto ao saneamento por evicción como a reclamacións por vicios ocultos se os houbera.

#### **CONDICIÓN SEGUNDA: RÉXIME XURÍDICO.**

1.- As normas aplicables ao presente expediente serán as previstas en:

- O presente prego.
- A Lei 6/2017, do 12 de decembro, de Portos de Galicia.
- O Real Decreto Lexislativo 2/2011 do 5 de setembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de Portos do Estado e da Mariña Mercante.
- A Lei 6/2023, de 2 de novembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- A Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas.

2.- A participación implica a aceptación das bases do presente prego cos seus anexos e a declaración responsable de que o ofertante reúne todas e cada unha das condicións esixidas no mesmo.

Contra os acordos e actos administrativos de adxudicación do ben que emite a Presidencia de Portos de Galicia cabe a interposición de recurso potestativo de reposición en vía administrativa ou de recurso contencioso administrativo.

#### **CONDICIÓN SEGUNDA: FORMA DE VENDA SELECCIONADA E ADXUDICACIÓN.**

Por aplicación do establecido no artigo 103.3 da Lei de Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, a forma de venda seleccionada da embarcación será a venda directa.





A incoación do expediente coa indicación do prazo durante o cal poderán presentarse posturas, publicarase no Diario Oficial de Galicia e na páxina WEB de Portos de Galicia.

### **CONDICIÓN TERCEIRA: CAPACIDADE PARA CONCORRER AO PROCEDEMENTO.**

1.- Poderán presentar propostas de compra da embarcación todas as persoas físicas e xurídicas, nacionais ou estranxeiras, que se atopen en plena posesión das súas capacidades xurídicas e de obrar, de acordo coas normas contidas no Código Civil sobre capacidade xeral para toda clase de contratos e en particular para celebrar o contrato de compravenda.

2.- As persoas estranxeiras estarán sometidas ao disposto na normativa reguladora do réxime de investimentos estranxeiros.

3.- As persoas interesadas no procedemento poderán actuar por medio dun representante, e tal representación poderase acreditar por calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna. Para estes efectos entenderase acreditada a representación realizada mediante un apoderamento apud acta efectuado por comparecencia persoal ou comparecencia electrónica na correspondente sede electrónica da Comunidade Autónoma, ou a través da acreditación da súa inscrición no Rexistro Electrónico Xeral de Apoderamentos de Galicia.

4.- Non poderán participar as persoas que solicitaran ou estean declaradas en concurso, foran declaradas insolventes en calquera procedemento, estean suxeitas a intervención xudicial ou foran inhabilitadas conforme á lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, así como os que incorresen nos supostos previstos na normativa sobre incompatibilidades.

Tampouco poderán concorrer as persoas que se atopen incluídas nalgún dos supostos de prohibición para contratar previstos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, o que tamén se recollerá a través da declaración responsable que se menciona no seguinte parágrafo.

5.- Os participantes deberán achegar para os efectos previstos nesta condición xunto coa Documentación Xeral, unha declaración responsable axustada ao modelo que se recolle no ANEXO III.

6.- Si se descubriera falsidade nesta declaración, se estará ao disposto na lexislación penal aplicable; si a falsidade houbera sido cometida polo adxudicatario, se acordará asemade a nulidade da adxudicación coa incautación da garantía depositada a favor de Portos de Galicia.

### **CONDICIÓN CUARTA: PRESENTACIÓN DE OFERTAS.**

As proposicións de compra que se deben de formalizar de maneira individual, se presentarán nun sobre pechado, no que figurará externamente o nome ou a razón social da persoa que presenta a proposición, así como a referencia "VENDA DIRECTA DE EMBARCACIÓN BI ARRI".





As ofertas deberán de presentarse dentro do prazo sinalado no anuncio da incoación do expediente convocatoria, no rexistro xeral de Portos de Galicia, nos días e horas hábiles de oficina (de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas), con enderezo na Praza de Europa 5-A, 6º, 15707 Santiago de Compostela, A Coruña, dirixidas ao Presidente de Portos de Galicia.

Tamén poderán presentarse na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; neste caso, a persoa que presente a proposta de compra xustificará a data de imposición do envío na oficina de correos, e anunciará a Portos de Galicia o depósito da oferta mediante burofax (número de FAX 981 54 53 24) ou telegrama, no mesmo día e nun só envío.

Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos, non serán admitidas as proposicións si son recibidas con posterioridade á data de terminación do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos non obstante os dez días naturais seguintes á data indicada, sen terse recibido a proposición, está non será admitida en ningún caso.

## **O SOBRE DEBERÁ DE CONTER OS SEGUINTE DOCUMENTOS:**

### **1.- PROPOSTA ECONÓMICA CON ARRANXO AO MODELO QUE FIGURA NO ANEXO II.**

As persoas interesadas en presentar propostas de compra, formularán a súa postura conforme ao modelo que figura no ANEXO II dentro do prazo que se sinale no anuncio da convocatoria.

O prezo mínimo de partida para formular posturas é de 5.958, 00 euros.

Todos os custos derivados da transmisión do ben, engadidos os tributarios que procedan que se regularan pola normativa de aplicación, serán por conta do adquirente.

### **2.- DOCUMENTACIÓN QUE ACREDITE DE MANEIRA SUFICIENTE A PERSONALIDADE DE QUEN LICITE, E, NO SU CASO, DA SÚA REPRESENTACIÓN. (ANEXOS III E IV)**

#### **2.1.- Si se trata de persoa física aportará copia do Documento Nacional de Identidade.**

**2.2.- Si se tratara de sociedades deberá aportarse copia autorizada ou testemuña da escritura de constitución e de modificación, no seu caso, debidamente inscrita no rexistro mercantil cando este requisito fora esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Si non o fora, a acreditación realizarase mediante copia da escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que constaren as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos no seu caso no correspondente rexistro oficial.**

Os empresarios non españois de Estados Membros da Comunidade Europea ou signatarios do Acordo sobre o espazo económico europeo, acreditará a súa personalidade mediante a inscrición nun rexistro profesional ou comercial cando este requisito sexa esixido pola lexislación do Estado respectivo, en funcións dos diferentes contratos.





Os restantes empresarios non españois acreditarán a súa personalidade mediante certificación expedida pola respectiva representación diplomática española, na que se faga constar que figuran inscritas no rexistro local profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan habitualmente no tráfico local no ámbito de actividades á que se estende o obxecto do contrato.

Os empresarios estranxeiros formularán na súa proposición, declaración solemne de someterse á xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puideran derivarse do contrato (anexo IV).

**2.3.-** Cando o licitador non actúe en nome propio, ou se trate dunha sociedade ou persoa xurídica, deberá de acreditarse a representación por calquera dos medios sinalados na anterior condición Terceira.

**2.4.-** Certificados acreditativos de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, estatais e autonómicas, e de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes. Os certificados poderán substituírse por unha declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, estatais e autonómicas, e de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, **PARA O QUE PODERÁ SEGUIRSE O MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE QUE SE XUNTA COMO ANEXO III A ESTE PREGO**, sen prexuízo da obriga de aportarse esta documentación con carácter previo a formalizarse a resolución de entrega.

Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das circunstancias que incapacitan para contratar que se enumeran no artigo 71 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, **PARA O QUE PODERÁ SEGUIRSE O MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE QUE SE XUNTA COMO ANEXO III A ESTE PREGO.**

### **3.- GARANTÍA.**

A participación no presente expediente require da constitución dunha garantía, que neste caso, e por aplicación do establecido no artigo 106 da Lei de Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, será equivalente ao 25 por cento do prezo de taxación do ben.

A garantía constituirase en efectivo na caixa xeral de Depósitos, e non outorgará en ningún caso dereito á adquisición. O dito depósito devolverase a quen non resulte adxudicatario ou adxudicataria, agás que se causase algún tipo de quebrantamento á Administración da Comunidade Autónoma.

En todo caso, unha vez finalizado o procedemento, a garantía constituída polo adxudicatario formará parte do prezo da compravenda.

### **CONDICIÓN QUINTA: ADXUDICACIÓN, ABOAMENTO E RETIRADA DAS EMBARCACIÓNS**

Unha vez finalizado o prazo para presentación proposicións de compra previsto no anuncio da convocatoria publicado no Diario oficial de Galicia e na WEB de Portos de Galicia, e nos dez días hábiles seguintes á conclusión de dito prazo se constituirá unha mesa que se limitará a comprobar o valor económico ofertado.





A Mesa estará formada por dúas persas pertencentes ao persoal da EPE Portos de Galicia que actuarán con funcións de Presidente e Secretario, e se integrará tamén unha persoa en representación do Departamento de Control Orzamentario.

Ao acto de apertura poderán asistir as persoas que presentasen propostas de compra. No caso de que haxa algún defecto nas propostas recibidas, rexeitaranse sen posibilidade de arranxo.

De existir un empate entre as mellores ofertas, e no caso de acudir mais dunha á apertura de ofertas abrirase no acto unha poxa á alza propoñéndose como adxudicataria do ben á que presentase a oferta económica mais elevada. Se non se presenta ningunha persoa interesada ou non se realiza ningunha oferta superior, a adxudicación recaerá sobre a que primeiro presentase a oferta, para o que se atenderá á data de entrada nalgún dos rexistros sinalados na convocatoria.

A Mesa elevará a proposta de adxudicación á Presidencia de Portos de Galicia como Órgano competente para resolver.

A Presidencia de Portos de Galicia emitirá a resolución de adxudicación após informe favorable da Asesoría Xurídica de Portos de Galicia que versará sobre a capacidade e suficiencia do poder presentado polo ofertante no seu caso, e sobre a constitución e depósito da garantía esixida.

Notificada a adxudicación, se deberá de proceder ao aboamento do pago do prezo ofrecido nun prazo de 10 días hábiles a contar dende o seguinte ao da recepción da notificación, mediante o ingreso no número de conta que a dito efecto se indique.

De non efectuarse o ingreso dentro do prazo indicado, se poderá efectuar unha nova adxudicación a favor do ofertante ou ofertantes seguintes a aquel, pola orde na que houberan quedado clasificados en función do prezo ofertado.

Efectuado o ingreso, pola Presidencia de Portos de Galicia se efectuará a resolución de alleamento directo da embarcación a favor do adquirente da mesma.

A resolución de alleamento, indicará o prazo no que se deberá de proceder a retirar a embarcación da zona de servizo do porto, ou, no seu caso, o lugar onde poderá ser trasladada dentro deste, en función do que informe a Zona Norte de Portos de Galicia.







## **ANEXO II**

### **MODELO DE OFERTA ECONÓMICA**

Don ....., con NIF número ..... e domicilio en ..... provincia de ....., rúa ..... número ....., número de teléfono ....., no seu caso e-mail..... en nome.....(propio), (ou da empresa que representa) ..... con C.I.F. ...., enterado do anuncio publicado no DOG do día .... de ..... de ....., e das condicións e requisitos que se esixen para participar no procedemento de alleamento directo da embarcación BI ARRI incautada por Portos de Galicia, formula a seguinte oferta:

<b>NOME DA EMBARCACIÓN</b>	<b>CANTIDADE EN LETRA</b>	<b>CANTIDADE EN NÚMERO</b>
BI ARRI		

Así mesmo, acepta integramente as condicións recollidas nas bases do procedemento.

En....., a..... de ..... de 2024.

(Sinatura e no seu caso selo do ofertante)

### **SR. PRESIDENTE DE PORTOS DE GALICIA**

ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL PORTOS DE GALICIA  
Servizos Centrais

Praza de Europa 5A – 6ª Planta  
15707 Santiago de Compostela (A Coruña)  
T. 881 950 095 – F. 981 545 324  
[www.portosdeg Galicia.gal](http://www.portosdeg Galicia.gal)





### ANEXO III.

#### MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE.

D. -----, con DNI -----  
, actuando en (nome propio ou en representación de) -----  
-----, CIF n.º -----

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que ten plena capacidade de obrar, e que nin el nin no seu caso a empresa á que representa e os seus administradores ou representantes, se atopan comprendidos en ningunha das causas de prohibición para contratar enumeradas no artigo 71 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Así mesmo, declara que o empresario persoa física ou no seu caso a empresa persoa xurídica, se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Facenda Estatal, de non ter débedas de natureza tributaria coa Comunidade Autónoma de Galicia, e de atópase ao día no cumprimento das obrigas coa seguridade social.

En....., a..... de ..... de 2024.

(Sinatura e no seu caso selo do ofertante)

**SR. PRESIDENTE DE PORTOS DE GALICIA.**

ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL PORTOS DE GALICIA  
Servizos Centrais

Praza de Europa 5A – 6ª Planta  
15707 Santiago de Compostela (A Coruña)  
T. 881 950 095 – F. 981 545 324  
[www.portosdeg Galicia.gal](http://www.portosdeg Galicia.gal)

CVE: mZ4UeyGCcB1  
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>





## ANEXO IV

### MODELO DE DECLARACIÓN DE SOMETEMENTO AOS XULGADOS E TRIBUNAIS ESPAÑOIS DOS EMPRESARIOS ESTRANXEIROS.

D. -----, con DNI -----  
, actuando en (nome propio ou en representación de) -----  
-----, CIF n.º ----- con enderezo en -----  
-----, teléfono ----- FAX -----  
--- e correo electrónico -----, como licitador  
no procedemento convocado para o alleamento directo de diversas embarcacións incautadas por  
Portos de Galicia me comprometo en nome  
----- (nome propio ou da empresa a que  
represento), en caso de resultar adxudicatario, a someterme á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais  
españois de calquera orde para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puideran  
derivar da adxudicación e da entrega do buque, con renuncia no seu caso ao foro xurisdiccional  
estranxeiro que puidera corresponderme.

En....., a..... de ..... de 2024.

(Sinatura e no seu caso selo do ofertante)

**SR. PRESIDENTE DE PORTOS DE GALICIA.**





## ANEXO V.

### VALORACIÓN EMBARCACIÓN

PORTO: FOZ  
BUQUE: BI ARRI  
MATRÍCULA E FOLIO: 7ª BA-390-95  
ARMADORA: ESTHER ELISABETH ADRIANA VAN GINKEL.

Aos efectos de inicio de expediente de poxa do citado buque procédese á valoración previa do ben. Para a valoración da embarcación tómasse de referencia a páxina web de Axencia Tributaria de Andalucía: <https://www.juntadeandalucia.es/agenciatributariadeandalucia/valoracion-embarcaciones>  
Os datos a ter en conta no cálculo son os seguintes:

MARCA E MODELO: ASTILLEROS DEL MAR  
ESLORA: 9,40 METROS  
MANGA: 3,56 METROS  
TIPO: MOTOR  
MOTOR: 2 MOTORES VOLVO PENTATAMD 41 (mal estado).  
OBSERVACIONES: Asimilable a embarcación cabinada a motor marca PRINCESS modelo 315. Dada a reparación necesaria en motor só se valora o casco da embarcación.



AGENCIA TRIBUTARIA DE ANDALUCÍA  
Consejería de Economía,  
Hacienda y Fondos Europeos



La Agencia  
Tributaria



Servicios



Información  
Tributaria



La Junta



Oficina  
Virtual



Buscar

Oficina Virtual / Valoración de bienes / Valoración embarcaciones /

#### Cálculo de la valoración de una embarcación usada por precios medios

Datos de la transmisión	
Fecha de transmisión	17/10/2023
Tipo de embarcación	MOTOR
Embarcación a motor	Sólo Casco
Tipo de motor	
Marca	PRINCESS
Modelo	315
Eslora	9,45
Potencia (Caballos de vapor)	
Fecha 1ª matriculación / adquisición	01/01/1988
Destino	EMBARCACION DE RECREO

[Nueva Consulta](#) [Calcular](#)

Resultado		
Base imponible: 6.130,00 €	Tipo Gravamen: 8,00 %	Cuota: 490,40 €

Dado que a embarcación está abandonada no porto desde o pasado mes de abril de 2023 se estima unha depreciación do ben nun 10%. **Polo tanto a valoración resultante é de 5.958,00 €.**

Asinado o xefe da Zona Norte  
Antonio López Fernández

ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL PORTOS DE GALICIA  
Servizos Centrais

Praza de Europa 5A – 6ª Planta  
15707 Santiago de Compostela (A Coruña)  
T. 881 950 095 – F. 981 545 324  
[www.portosdegalicia.gal](http://www.portosdegalicia.gal)





## REPORTAXE FOTOGRÁFICO



ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL PORTOS DE GALICIA  
Servizos Centrais

Praza de Europa 5A – 6ª Planta  
15707 Santiago de Compostela (A Coruña)  
T. 881 950 095 – F. 981 545 324  
[www.portosdeg Galicia.gal](http://www.portosdeg Galicia.gal)

CVE: mZ4UteyGCcB1  
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>

